

1977

A EMIGRANTE
PROGRESO
EMIGRANTE
TRABALLA e REZA
SOMANA

Lema: O Roureiro de Barabola
" Rauldulf
" Maria de Rauldulf
" O Grito de Rauldulf
" Baixo de Rauldulf

AUTOR: Manuel Rodriguez Lopez
c/ Franigola 10, 2º 2ª
Barcelona - 6
Telf. 2192935

Hasta 25/8/77 por VACACI
c/ Doctor Castro 15, 2º
(Fonda Maria)
Lugo
Telf. 212922

Marival = 7
J.S. 7
Genio - 6
Lely - 6

Lema: O ROUSIÑOL DE PARADELA

24

A EMIGRANTE

I

Onte chegaches pra pedir traballo
á cidá xigante; que deixaches, dona,
os cativiños i o marido lonxe
nunha casoupa.

No asfalto e no rebumbio ^{mergullada} ~~amalgamada~~,
ninguén enxoita as bagoas que te escoan,
ninguén cavila na tristura infinda
que te aferrolla.

A tua ialma esnaquizada zuga
o fel acedo do emigrante, sino
i a todas horas, soia en terra allea,
soñas cos fillos.

Il non tén saúde; que a perdéu moi novo
tronzando toros, removendo pedras,
rozando toxos e cavando a bouza
na probe aldea.

Somentes quedan os teus brazos rexos
pra erguer a casa asulagada en tebras;
coitados nenos, de farrapos cheus. . . .
cómo langrean !

II

Da noite roubas horas de descanso
e fas roupiña prós meniños teus;
comes codelos pra aforrar os cartos
do longo mes.

Non eres soia ! Se somentes ti
o fel beberas da inxusticia moura,
que abura un pobo, que atanaza á raza,
que nos esfola.....

Donas e mozas a milleiros fuxen
a terra estrana, percurando o pan;
que as leis non valen pra sandar as chagas
do probe lar.

Fica ermo o pobo. Soio quedan vellos,
homes eivados, silvas, corgas, nenos....
Galicia é fonte que somentes deita
prantos tristesiros.

III

Non canto á dona que no pazo folga.
Non loubo, NON, á en señoreada lurpia
nen á burguesa que esqueceu a lingua
i a caste sua.

O meu poema, mesturado en sangue,
alauda á probe i á emigrante cansa
do vieiro longo, do camiño choído,
desfeita en bágoas.

Eu canto á dona que en lonxanos eidos
soña os seus nenos !

Eu canto á moza que en cidade allea
soña coa aldea !

Eu canto á aboa que acanea a filla
da sua filla !